

Destinatario

FEDERACION DE ASOCIACIONES  
GALEGAS DE FAMILIARES DE ENFERMOS  
DE ALZHEIMER (FAGAL)

Avda. Rosalía de Castro, 29 - 31 Local 107

SANTIAGO

ASUNTO

*Inscripción de Asociacións*

**Vista** a solicitude de data 17.04.98, presentada por D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> LUZ GONZALEZ ALVAREZ, para a INSCRIPCIÓN da Asociación denominada FEDERACION DE ASOCIACIONES GALEGAS DE FAMILIARES DE ENFERMOS DE ALZHEIMER (FAGAL) no Rexistro Central de Asociacións desta Comunidade Autónoma,

**RESULTA** dos seus estatutos que os seus fins son : representar e ser voceiro do conxunto de Asociacións de Familiares de Enfermos de Alzheimer de Galicia nas cuestións das competencias federadas; promover o desenvolvemento e o cumprimento dos fins das asociacións integradas en FAGAL; defender dereitos e deberes das distintas asociacións federadas, entre outras, e que o seu ámbito de actuación comprende o territorio desta Comunidade Autónoma de Galicia.

**VISTOS:** A Constitución Española, a Lei 191/1964, do 24 de decembro, de Asociacións, o seu Regulamento aprobado polo Decreto 1440/1965, do 20 de maio, a Orde do Ministerio do Interior do 10 de xullo de 1965, a Ley 30/1992, do 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e Procedemento Administrativo Común, e a normativa sobre traspaso e asignación de competencias.

**CONSIDERANDO:** Que esta Federación atópase incluída no ámbito de aplicación da citada Lei de Asociacións e que nos seus estatutos e demais documentación presentada non se aprecia que concorran os supostos previstos nos números 2 e 5 do art. 22 da Constitución, sobre fins, medios ou asociacións ilegais.

**CONSIDERANDO:** Que esta Dirección Xeral de Interior é competente para resolver en orde á procedencia da inscrición solicitada, en virtude do previsto no Decreto 336/1996, do 13 de setembro (DOG do 13.09.97), sobre asunción do traspaso de funcións e servicios da Administración do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de asociacións, e no Decreto 276/1997, do 25 de setembro (DOG do 08.10.97), polo que se crea o REXISTRO CENTRAL DE ASOCIACIONES.

Esta Dirección Xeral

**RESOLVE:** Visa-los Estatutos da Federación DE ASOCIACIONES GALEGAS DE FAMILIARES DE ENFERMOS DE ALZHEIMER (FAGAL), e dispónela súa inscrición provisional ós sos efectos de publicidade previstos no art. 22 da Constitución, correspondéndolle o número **2/98** NESTE REXISTRO CENTRAL.

Esta inscrición provisional convertirase en definitiva se no prazo de 3 meses, a contar da recepción desta resolución, non se lle notificase ó interesado a incompatibilidade por idéntica denominación xa inscrita no REXISTRO NACIONAL DE ASOCIACIONES do Ministerio do Interior.

Contra a presente resolución, que non esgota a vía administrativa, poderá interporse recurso ordinario ante o Conselleiro de Xustiza, Interior e Relacións Laborais, no prazo dun mes, de acordo co disposto nos arts. 114 a 117 da Lei 30/1992, do 26 de novembro.



Santiago de Compostela, 26 de maio de 1998

DIRECTOR XERAL DE INTERIOR

Alfredo Sánchez Carro